

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 4 de febreiro de 2019 pola que se convocan as actividades de formación continua para o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e da Administración institucional.

Aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración pública (EGAP) para o ano 2019 polo Consello Reitor deste organismo, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 4/1997, do 27 de maio, de creación da EGAP, procede convocar as actividades de formación continua correspondentes ao primeiro semestre do ano 2019 para o persoal ao servizo da Administración xeral autonómica de Galicia, da Administración institucional e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que se detallan nos anexos desta resolución.

Os cursos de igualdade e violencia de xénero, ofimática, idiomas, do programa de autoformación e os que correspondan ao segundo semestre do ano que aparecen reflectidos no plan de formación continua, serán obxecto de convocatoria independente.

RESOLVO:

Convocar as actividades formativas que figuran no anexo II, que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración pública

ANEXO I**Bases**

Primeira. *Requisitos dos/das participantes*

Poderán participar nas accións formativas convocadas nesta resolución:

1. O persoal empregado público destinado na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nas entidades públicas instrumentais enunciadas na letra a) do arti-



go 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e na Administración institucional, que se encontren en situación de servizo activo, permiso por maternidade, adopción ou acollemento ou excedencia polo coidado dun/dunha fillo/a ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II.

Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, bombeiros e o persoal do Servizo Galego de Saúde. Non se entende por tal o persoal empregado público da escala de saúde pública e Administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Sen prexuízo do anterior, poderán ofertarse actividades formativas ao persoal empregado público pertencente a outras entidades, organismos e institucións públicas, cando así se estableza na epígrafe «destinatario» da actividade formativa.

Toda persoa solicitante que ao inicio e durante a actividade formativa estea en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da listaxe do persoal seleccionado. Esta incidencia deberá ser comunicada á EGAP con carácter inmediato.

Segunda. *Desenvolvemento das actividades de formación*

Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <https://egap.xunta.gal>.

Terceira. *Solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 15 de febreiro de 2019.

As solicitudes de participación nas actividades formativas só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <https://egap.xunta.gal/matricula> desde as 8.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e



ata as 23.55 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

2. O número máximo de cursos que se poden solicitar durante o prazo de presentación de solicitudes límitase a cinco.

3. Non está permitida a realización de actividades de formación que teñan simultaneidade de horarios nunha ou varias sesións presenciais das actividades. Cando o alumnado teña coñecemento de que foi seleccionado para un curso que teña coincidencia horaria con outro en que xa foi seleccionado debe renunciar a un deles. No caso de que se comprobe con posterioridade a realización simultánea de varias actividades, non se expedirá certificación de ningunha delas, e o alumnado pasará ao final das listaxes de todas as actividades formativas que solicite e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

4. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección ou sexan presentadas fóra de prazo.

5. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

6. As persoas interesadas en recibir mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

7. As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade de teleformación deberán dispor dunha conta de correo electrónico cuxo enderezo terán que indicar na solicitude e dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Un computador con conexión á internet.
- Un navegador web co *plugin* de *flash*.

8. As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas (como por exemplo discapacidade) de acordo cos criterios de selección deberán remitirle á EGAP a correspondente documentación complementaria, xunto cunha copia do formulario da matrícula, ao enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.gal, sen prexuízo do previsto no



artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro). A devandita documentación deberá enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario só serán considerados os datos achegados por correo electrónico. A documentación deberá presentarse dentro do prazo sinalado no punto 1 desta base.

10. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57 e 981 54 63 35 e do enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.gal.

Cuarta. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación do procedemento consultarase automaticamente os datos das persoas interesadas necesarios para realizar o proceso de selección das actividades formativas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo expresamente e achegar os documentos que indiquen a súa situación administrativa, tipo de persoal e antigüidade na Administración.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. A presentación da solicitude comportará a autorización da persoa solicitante ao órgano xestor para pedir as certificacións necesarias para realizar a selección de acordo cos criterios da EGAP.

Quinta. *Criterios de selección*

1. Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración pública do 4 de xaneiro de 2008 (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro), sen prexuízo dos criterios específicos establecidos na epígrafe «destinatario» de cada actividade formativa incluída no anexo II desta resolución.

O baremo que se empregará para a selección establécese sobre unha base de 100 puntos, dos que o 60 % estará vinculado ao número de horas de formación recibidas nos dous últimos anos e o 40 % restante á antigüidade na Administración.



Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo a que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG núm. 58, do 25 de marzo).

2. No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos do curso poderá completarse o número de alumnos/as asignado mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP.

Sexta. Publicación das relacións do alumnado seleccionado

1. A EGAP publicará no enderezo <https://egap.xunta.gal> unha relación das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número adecuado de reservas, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

O prazo de presentación de alegacións será de dez días desde a súa publicación.

Entenderase que as persoas que non figuren na relación foron excluídas por algunha das razóns expresadas nas bases da convocatoria ou ocupan un posto máis afastado na listaxe de agarda.

2. Transcorrido o prazo de alegacións, a EGAP publicará no enderezo <https://egap.xunta.gal> a listaxe definitiva de persoas admitidas no curso.

Sétima. Cambios ou substitucións na selección, renuncia e asistencia

1. Os cambios ou as substitucións na selección:

En ningún caso serán admitidos cambios de edicións ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

2. A renuncia:

a) As persoas seleccionadas só poderán renunciar á actividade formativa:

– Por causa de forza maior suficientemente acreditada.

– Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte do persoal responsable dos centros directivos.



– Por outras causas xustificadas documentalmente.

b) A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP cunha antelación mínima de tres días naturais anteriores ao inicio da actividade formativa. Na páxina web da escola está dispoñible un modelo de renuncia.

Para isto poderase utilizar preferentemente o enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.gal, alén do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

c) As persoas que incumpran o previsto nas alíneas a) e b) pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

1. A asistencia e a puntualidade:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e mais a puntualidade.

b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.

c) As faltas de asistencia nas actividades presenciais:

1. Non poden superar en ningún caso o 10 % da duración da actividade. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante os/as responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

2. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % da duración da actividade, pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

d) Seguimento das actividades de teleformación:

As persoas que non completen o 50 % das actividades e tarefas propostas pola titoría pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e



cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

e) Seguimento das actividades impartidas na modalidade mixta:

As faltas de asistencia nas horas presenciais da actividade non poderá superar o 10 % da duración desta. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

As persoas que non completen o 50 % das actividades e tarefas propostas pola titoría na parte de teleformación da actividade pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

Oitava. *Realización de probas*

a) Para poder superar as actividades de formación, o alumnado deberá superar as probas de avaliación que para os efectos se establezan, tanto na modalidade de teleformación, na mixta, como nos cursos que se impartan de xeito presencial. As probas desenvolveranse con carácter xeral de xeito descentralizado nas sedes que se determinen no comezo de cada actividade.

b) Para poder superar as actividades de teleformación é necesario cumprir unha serie de requisitos obrigatorios na súa totalidade:

– A adecuada realización de todas as actividades que a titoría propoña. Estas deben constar debidamente presentadas nos prazos estipulados na programación didáctica do curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final presencial.

– A superación das probas de avaliación que para os efectos se establezan.

Ao inicio da actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas, así como as datas e o horario en que estas terán lugar. Salvo que se determine outra cousa, nestas actividades as probas de avaliación finais serán presenciais nos lugares e nas datas que se establezan. A EGAP informará a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación das datas concretas e do horario da proba final.



Novena. *Certificados*

a) A EGAP poderá expedir dúas clases de certificados, de asistencia e de aproveitamento. A convocatoria de cada acción formativa determinará que tipo de certificado corresponderá ao alumnado que participe nos cursos.

b) Para a obtención do certificado de asistencia, o alumnado deberá participar con regularidade e dedicación no desenvolvemento da acción formativa. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polo alumnado, a EGAP poderá fixar a realización das probas que considere oportunas.

c) Para a obtención do certificado de aproveitamento o alumnado deberá obter a avaliación positiva do seu profesorado, o cal emitirá un informe declarando apto/a ou non apto/a cada alumno/a en función do resultado da proba de avaliación.

Décima. *Facultades da EGAP*

1. A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e pode suprimir algunha, ampliar novas edicións da programación ou programar outras actividades diferentes cando así o exixan as circunstancias que lle afecten á súa organización ou docencia. Tamén lle corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

2. A execución material das actividades queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos/as sexa inferior ao 50 % das prazas convocadas, a EGAP resérvase o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso no que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as contingencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten o desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da escola.

5. A EGAP garantirá na totalidade das actividades derivadas desta convocatoria a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.





ANEXO II

Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas								
FC19018	A protección do menor ante os medios de comunicación.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 27.5.2019 ao 25.6.2019	28.6.2019, 9.00 horas
FC19019	A responsabilidade patrimonial da Administración pública.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 11.3.2019 ao 9.4.2019	12.4.2019, 9.00 horas
FC19019	A responsabilidade patrimonial da Administración pública.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 22.4.2019 ao 21.5.2019	24.5.2019, 9.00 horas
FC19019	A responsabilidade patrimonial da Administración pública.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 16.9.2019 ao 15.10.2019	18.10.2019, 9.00 horas
FC19020	A transparencia da Administración e bo goberno (normativa estatal e autonómica).	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 22.4.2019 ao 16.5.2019	22.5.2019, 9.00 horas
FC19021	A xurisdición contencioso-administrativa.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 22.4.2019 ao 16.5.2019	22.5.2019, 10.00 horas





Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19022	Aspectos básicos da xestión do persoal: a función pública de Galicia.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 20.5.2019 ao 13.6.2019	18.6.2019, 9.00 horas
FC19022	Aspectos básicos da xestión do persoal: a función pública de Galicia.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 3.10.2019 ao 27.10.2019	31.10.2019, 10.00 horas
FC19025	Básico de subvencións e normativa aplicable.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 6.5.2019 ao 3.6.2019	6.6.2019, 10.00 horas
FC19025	Básico de subvencións e normativa aplicable.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 30.9.2019 ao 28.10.2019	31.10.2019, 11.00 horas
FC19032	Contratación estratéxica.	50	35	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 21.5.2019 ao 24.6.2019	28.6.2019, 13.00 horas
FC19034	Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 15.5.2019 ao 3.6.2019	6.6.2019, 9.00 horas
FC19034	Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 9.10.2019 ao 28.10.2019	31.10.2019, 9.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19036	Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia.	50	18	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 3.6.2019 ao 21.6.2019	27.6.2019, 10.00 horas
FC19040	Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 12.3.2019 ao 1.4.2019	5.4.2019, 10.00 horas
FC19040	Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 3.5.2019 ao 23.5.2019	28.5.2019, 10.00 horas
FC19040	Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 26.9.2019 ao 14.10.2019	18.10.2019, 13.00 horas
FC19041	Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 12.3.2019 ao 1.4.2019	5.4.2019, 9.00 horas
FC19041	Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 25.4.2019 ao 15.5.2019	21.5.2019, 11.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19041	Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 26.9.2019 ao 14.10.2019	18.10.2019, 11.00 horas
FC19042	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 12.3.2019 ao 5.4.2019	11.4.2019, 9.00 horas
FC19042	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 12.3.2019 ao 5.4.2019	11.4.2019, 10.00 horas
FC19042	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 19.9.2019 ao 14.10.2019	18.10.2019, 10.00 horas
FC19043	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 14.3.2019 ao 8.4.2019	12.4.2019, 11.00 horas
FC19043	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 14.3.2019 ao 8.4.2019	12.4.2019, 13.00 horas
FC19043	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 25.4.2019 ao 20.5.2019	24.5.2019, 10.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19044	Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 21.3.2019 ao 4.4.2019	9.4.2019, 13.00 horas
FC19045	O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 13.3.2019 ao 1.4.2019	05.4.2019, 11.00 horas
FC19045	O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 5.5.2019 ao 22.5.2019	28.5.2019, 11.00 horas
FC19045	O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 23.10.2019 ao 11.11.2019	15.11.2019, 9.00 horas
FC19046	O procedemento sancionador tras a Lei 39/2015 e Lei 40/2015, do 1 de outubro.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional. Subgrupos A1, A2 e C1	Teleformación	Do 22.4.2019 ao 11.5.2019	15.5.2019, 11.00 horas
FC19046	O procedemento sancionador tras a Lei 39/2015 e Lei 40/2015, do 1 de outubro.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional. Subgrupos A1, A2 e C1	Teleformación	Do 30.9.2019 ao 19.10.2019	23.10.2019, 10.00 horas
FC19048	Os contratos do sector público.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 25.3.2019 ao 30.4.2019	7.5.2019, 13.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19048	Os contratos do sector público.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 22.4.2019 ao 20.5.2019	24.5.2019, 11.00 horas
FC19048	Os contratos do sector público.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 15.10.2019 ao 14.11.2019	19.11.2019, 11.00 horas
FC19050	Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 12.3.2019 ao 5.4.2019	9.4.2019, 9.00 horas
FC19050	Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 22.4.2019 ao 16.5.2019	21.5.2019, 9.00 horas
FC19050	Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 16.9.2019 ao 10.10.2019	15.10.2019, 9.00 horas
FC19052	Réxime disciplinario do persoal empregado público de Galicia.	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 30.4.2019 ao 16.5.2019.	22.5.2019, 11.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19058	Xestión de indemnizacións por razón de servizo na administración autonómica.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 22.4.2019 ao 15.5.2019	21.5.2019, 13.00 horas
FC19059	Prestacións da seguridade social e cotizacións.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 06.5.2019 ao 3.6.2019	7.6.2019, 13.00 horas
FC19059	Prestacións da seguridade social e cotizacións.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 28.10.2019 ao 25.11.2019	28.11.2019, 11.00 horas
FC19060	O réxime xurídico do silencio administrativo na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.	30	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	25, 26, 27 e 28 de marzo, das 16.30 ás 19.30 horas	28.3.2019, 18.30 horas
Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios								
FC19039	Introdución á Unión Europea e ao seu dereito.	50	24	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 31.5.2019 ao 24.6.2019	27.6.2019, 11.00 horas
FC19053	Simplificación administrativa: pautas e directrices europeas.	50	30	Aproveitamento	Persoal que aplique políticas públicas e disposicións orixinariamente europeas ou xestione axudas cofinanciadas con Fondos da UE. Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 01.4.2019 ao 3.5.2019	9.5.2019, 9.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades								
FC19017	A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 22.4.2019 ao 11.5.2019	15.5.2019, 9.00 horas
FC19017	A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 23.5.2019 ao 11.6.2019	18.6.2019, 10.00 horas
FC19017	A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 23.10.2019 ao 11.11.2019	15.11.2019, 10.00 horas
FC19023	Atención á cidadanía.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 11.3.2019 ao 4.4.2019	9.4.2019, 10.00 horas
FC19023	Atención á cidadanía.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 22.4.2019 ao 16.5.2019	21.5.2019, 10.00 horas
FC19023	Atención á cidadanía.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 16.9.2019 ao 10.10.2019	15.10.2019, 10.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19026	Cambio e motivación nas organizacións.	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 14.3.2019 ao 28.3.2019	4.4.2019, 13.00 horas
FC19029	Como deseñar presentacións eficaces.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 22.4.2019 ao 11.5.2019	15.5.2019, 10.00 horas
FC19030	Conciliación da vida persoal, familiar e laboral.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 24.5.2019 ao 24.6.2019	27.6.2019, 9.00 horas
FC19035	Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 27.5.2019 ao 25.6.2019	28.6.2019, 10.00 horas
FC19038	Iniciación ao protocolo.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 14.5.2019 ao 3.6.2019	6.6.2019, 11.00 horas
FC19047	Organización e simplificación do traballo administrativo.	50	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 20.3.2019 ao 31.3.2019	4.4.2019, 10.00 horas
FC19049	Prevenición e xestión de conflitos.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 14.3.2019 ao 8.4.2019	12.4.2019, 10.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19055	Técnicas elementais de arquivos.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 20.5.2019 ao 13.6.2019	18.6.2019, 11.00 horas
FC19055	Técnicas elementais de arquivos.	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 18.10.2019 ao 11.11.2019	15.11.2019, 11.00 horas
FC19066	Autocad 2016 - Nivel avanzado.	25	35	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional. Condicións e requisitos básicos: Coñecemento básico de entrada de ordes e uso do programa AutoCAD de calquera versión. • Uso básico do sistema operativo Windows tales como organizar arquivos nas carpetas do usuario. • Nocións simples de xeometría descritiva e debuxo, tales como a comprensión de conceptos sinxelos como planta, elevación e o perfil das figuras.	Presencial Santiago de Compostela	27 de maio, 3,10 e 17 de xuño, das 9.00 ás 14.00 e das 16.00 ás 19.00 horas. e 20 de xuño, das 16.30 ás 19.30 horas	20.6.2019, 18.30 horas
FC19069	Actualización gramatical e ortográfica na lingua galega.	30	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	27 e 29 de maio, das 16.30 ás 19.30 horas, e 3, 5, 10, 12, 17, 19, 25 e 26 de xuño, das 16.30 ás 19.30 horas	26.6.2019, 18.30 horas
FC19072	Produtividade persoal co método GTD (Getting Things Done) e a súa relación coas TIC.	25	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	20, 22, 27 e 29 de maio e 3 de xuño, das 16.30 ás 19.30 horas.	3.6.2019, 18.30 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19074	Xestión de persoas: mando, xestión, lidero e dirixo.	25	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	25, 26 e 27 de marzo, das 16.30 ás 20.30 horas	27.3.2019, 19.30 horas
FC19078	Exercicio físico saudable e estilos de vida activos.	20	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	25, 26 e 27 de marzo, das 11.00 ás 15.00 horas	27.3.2019, 14.00 horas
FC19079	Liderado e intelixencia emocional.	20	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	1, 3 e 8 de abril, das 16.30 ás 20.30 horas 10 de abril, das 16.30 ás 19.30 horas	10.4.2019, 18.30 horas
FC19080	Coaching, a ferramenta para o cambio.	25	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	23, 25 e 30 de abril e 2, 6, 9, 13 e 16 de maio, das 16:15 ás 20.00 horas	16.5.2019, 19.00 horas
FC19081	Ferramentas e técnicas para falar mellor en público.	20	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	2, 4 e 9 de abril, das 16.30 ás 20.30 horas 11 de abril, das 16.30 ás 19.30 horas	11.4.2019, 18.30 horas
FC19083	Faite entender: a comunicación positiva e a arte de ler entre liñas.	30	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	25 e 27 de marzo, das 16.30 ás 20.30 horas 1 de abril, das 16.30 ás 20.30 horas 3 de abril, das 16.30 ás 19.30 horas	3.4.2019, 18.30 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19084	Ser a líder: o liderado e autoliderado feminino.	35	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	12, 13 e 14 de marzo, das 16.30 ás 20.30 horas	14.3.2019, 19.30 horas
Lingua galega								
FC19051	Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego.	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 14.3.2019 ao 28.3.2019	4.4.2019, 11.00 horas
FC19051	Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego.	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 3.10.2019 ao 18.10.2019	23.10.2019, 11.00 horas
Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa								
FC19027	Certificado dixital.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional. Que teña coñecementos de Sistema operativo, búsqueda de información: Internet/Intranet e correo electrónico ou teña coñecementos informáticos equivalentes e acceso a versións actualizadas de Java, suites informáticas (MS Word ou LibreOffice) e navegadores (IE ou Firefox) ou ter a opción de instalalas.	Teleformación	Do 24.4.2019 ao 23.5.2019	28.5.2019, 9.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19027	Certificado dixital.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional. Que teña coñecementos de sistema operativo, búsqueda de información: internet/intranet e correo electrónico ou teña coñecementos informáticos equivalentes e acceso a versións actualizadas de Java, suites informáticas (MS Word ou LibreOffice) e navegadores (IE ou Firefox) ou ter a opción de instalalas.	Teleformación	Do 19.9.2019 ao 18.10.2019	23.10.2019, 9.00 horas
FC19033	Correo electrónico corporativo.	50	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional con correo electrónico Outlook Web (OWA) corporativo e acceso á internet.	Teleformación	Do 20.3.2019 ao 31.3.2019	4.4.2019, 9.00 horas
FC19033	Correo electrónico corporativo.	50	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional con correo electrónico Outlook Web (OWA) corporativo e acceso á internet.	Teleformación	Do 30.10.2019 ao 11.11.2019	15.11.2019, 13.00 horas
FC19037	Iniciación á Administración electrónica. Seguranza da información e protección de datos.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 15.3.2019 ao 3.4.2019	9.4.2019, 11.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Modalidade Localidade	Datas e horario	Data e hora de exame
FC19037	Iniciación á Administración electrónica. Seguranza da información e protección de datos.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	Do 20.9.2019 ao 9.10.2019	15.10.2019, 11.00 horas
FC19054	Sistema de xestión de recursos humanos da Xunta de Galicia.	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que consten na base de datos da Dirección Xeral de Función Pública.	Teleformación	Do 6.5.2019 ao 29.5.2019	5.6.2019, 9.00 horas
